

A DOR DA GUERRA

SOTELO BLANCO DÁ A COÑECER O PREMIO LUEIRO REY DE NARRATIVA CURTA 2010: UNHA NOVELA QUE RECREA, CUN GRAN PESO LÍRICO, A ESGAZADURA QUE SUPUXO A GUERRA CIVIL

Ramón Nicolás

Non me ocupei nunca, por escrito, da obra literaria, nomeadamente narrativa, de Chelo S. Muíños e, xaora, non porque non o merecese. A serodia, pero intensa, incorporación desta autora ao noso sistema literario deu xa cumpridos froitos como testemuñan *Flor de xiz* (2003), ao que se engadiron *A Venus de cristal* (2008) e mais *Os milagres de Cristamar* (2008). Retorna agora á primeira liña da actualidade literaria cun volume galardoado no premio de narrativa curta Lueiro Rey e faino cunha proposta que me parece fiel aos principios estéticos da autora, isto é, aunar na ficción referentes de filiación realista con elementos tirados do imaxinario marabilloso; todo isto da man dunha tonalidade lírica o que lle outorga unha singular aparencia a este *As horas rotas*.

Asumido este verniz case poético presente en tantas páxinas, que xustifica ás veces unha talvez excesiva formalización no desenvolvemento dalgúns diálogos, a novela volve os ollos ás funestas consecuencias da guerra civil entre nós a través, basicamente, das evocacións que un personaxe realiza da súa infancia, esgazada polo conflito e que determinou toda a súa vida e a dos outros personaxes




«Flor de xiz» foi a primeira obra publicada por Chelo S. Muíños

que a rodean. Mesturada esta voz narrativa con outras paralelas vaise construíndo devagar un texto moi rico en matices e articulado con convicción baixo a idea de remoer os rescaldos da infancia: un paraíso que inevitablemente se quere recuperar e que estaba, na distancia, emprazado nunha aldea galega rodeada do bosque de Taboira, lugar que acolle o devalar de dous adolescentes e as súas familias que nunca poden ser alleas á historia que eles contribúen a dar vida.

Ese paraíso non deixa de selo mesmo nos máis duros das súas

existencias, sen deixar nunca de ter a vista depositada na crueldade daqueles tempos que trouxo como consecuencias «nenos perdidos, familias desarticuladas, hospitais de sangue!».

Neste sentido, a proposta de Chelo S. Muíños tampouco non evita a descrición do rodopío de vinganzas e mortes, afonda nos resortes do poder e mais no proceso opresivo que senten algúns personaxes e contra o que reaccionan, en ocasións, violentamente; sen tampouco esquecer, como contraste, que mesmo en situacións extremas



NOVELA

«As horas mortas»

Chelo Suárez Muíños. Sotelo Blanco, 138 páxinas, 14 euros.

pode haber lugar para a felicidade.

As horas rotas, que conclúe cun poema de Miguel Mato Fondo que semella escrito ad hoc para esta novela, exhibe, quen o dubida, unha reflexión sobre ilusións truncadas, sobre a sombra do infortunio que se abateu por riba de tantas persoas, sobre a impunidade coa que moitas outras actuaron e faino coa aparente sinxeleza coa que unha fraga pode expresarse a través das palabras: só cómpre saber oíla. É esta, evidentemente, unha historia sobre a guerra civil, mais o tratamento que a autora lle deu fai que sexa diferente.